

OPINIÓN



O fin de semana do 14 e 15 de outubro Galicia volveuse negra. Unha inmensa capa de fume, lumaradas, cinzas, borralla etc cubriron o noso ceo azul. Durante ese tempo estive-mos preocupados, con medo, frustrados, impotentes, e moi enfadados coas persoas que provocaron esta situación. Porque se xa nos entristece que arda a nosa terra, máis aínda que sexa por culpa de catro personaxes que con premeditación e a traizón destrúen o noso medio e o dos nosos veciños portugueses e asturianos.

GALICIA NON ARDE, A GALICIA QUÉIMANA

Foron miles as hectáreas queimadas, afectando a demasiadas árbores, montes, animais, chegando incluso a alguna casa, e a provocar a morte dalgunhas persoas. Todo isto prexudica aos donos das fincas, das casas e negocios, aos animais e a tódolos galegos. A falta de vexetación trala queima reduce o osíxeno que necesitamos para vivir, tanto as persoas coma os animais e, en xeral, a todo o medio ambiente.

A pesar de todo isto, xurdiunos un forte sentimento de orgullo, xa que foron moitas as persoas que eses días se botaron á rua para axudar, para apagar as inmensas lapas que ameazaban as súas terras, as súas casas, e as dos seus veciños. Esta onda de solidariedade recordounos moita ás mareas do Prestige, que a día de hoxe aínda están na nosa memoria.

Esperemos que as autoridades fagan o que teñen que facer e isto non se volva a repetir.

O Equipo da Redacción

CULTURA, EVENTOS E FESTAS

PASANDO A MAÑÁ NA BIBLIOTECA ANXEL CASAL

Os venres 20 de Outubro aproveitamos a saída para ir á biblioteca Anxel Casal, que xa facía tempo que non íamos. Cada un podemos elixir o que queríamos facer: uns vimos algunha serie, outros escollemos

películas para levar para o centro, outros escoitamos música, etc. Foron unhas mañás entretidas e diferentes. Non tardaremos en volver!



APROVEITANDO OS RAIOS DO SOL PASEANDO POR TRANSPAXONAL

O venres 27 de outubro saímos a dar un paseo pola zona de Transpaxonal, xa que facía bo tempo e quixemos aproveitar o sol. Fixemos unha parada no bar da zona para tomar un café. Como o sol apretaba demasiado, decidimos voltar e incorporarnos a actividade.

OS DÍAS DE CHUVIA TAMÉN SAÍMOS

O venres 3 de novembro, xa que facía un tempo horrible, acercámonos ata o Centro Comercial das Cancelas. Estivemos paseando polas distintas plantas, botando unha ollada aos escaparates e vendo as novidades da tempada. A media mañá, fixemos unha parada nunha das cafeterías que hai no centro comercial e cada un tomou o que lle apeteceu.

Baixamos cara a entrada onde nos esperaba a furgoneta e voltamos a Sarela para comer.

PARTICIPAMOS NA CELEBRACIÓN DO DÍA NACIONAL DO DCA

O 26 de outubro, como xa comentamos na sección de opinión do mes pasado, celebramos o Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido. Fixemos distintas actividades de concienciación e sensibilización.

Un grupo, fomos a unha andaina que se organizou desde a Alameda de Santiago ata a Praza do Obradoiro. Acompañounos moita xente, desde persoas usuarias doutros servizos, profesionais, familias, voluntarios, xente en prácticas e personalidades institucionais, e unha parella de gaiteiros que nos foi amenizando o camiño. Levabamos unhas pancartas e flores e folletos informativos que repartíamos á xente.

Cando chegamos ao Obradoiro, fixemos entre varios familiares e persoas usuarias, a lectura do manifesto do DCA deste ano, onde reivindicamos os nosos dereitos como persoas e familias con dano cerebral.

Outro grupo, fomos ao Hospital Clínico Universitario de Santiago, onde colocamos unha mesa informativa para proporcionar información á xente sobre o dano cerebral. Estivemos repartido folletos e preguntando se coñecía o dano cerebral e explicándolles distintas cousas sobre este tema. Ademais, demos a coñecer Sarela como centro de referencia da Área Sanitaria de Santiago. Tamén, per-

corremos as distintas plantas onde pode haber xente con dano cerebral, por exemplo: neuroloxía, neurociruxía, cardioloxía... onde deixamos información por se algunha das persoas que se atopasen alí a precisasen. Durante o tempo que estivemos alí, acercáronse distintos profesionais do hospital: a xerente, o responsable da unidade de ictus e unha das logopedas, cos que nos fixemos unha foto. Tamén estivemos cunha mesa informativa no Hospital do Barbanza, onde só estiveron dúas profesionais da entidade.

E para rematar, outro grupo quedamos en Sarela facendo actividades relacionadas coa temática do día: limos e analizamos o manifesto, a información que se lle proporcionaba á xente, fixemos seguimento de cómo transcorría a andaina (vendo fotos e vídeos que nos foron mandando)...

Despois de todo isto, xantamos todos xuntos coma de costume e durante o descanso, estivemos pendentes da televisión para ver se os medios se facían eco do feito. Por desgraza, moito non saímos xa que a noticia esta tempada está noutra parte do país.

Xa pola tarde, estivemos poñendo en común o que cada grupo fixo durante a mañá.

Queremos agradecer á súa presenza á xente que nos acompañou neste día.



MOMENTOS DA CONMEMORACIÓN DO DÍA DO DANO CEREBRAL: CAMIÑADA POLA CIDADE HISTÓRICA, LECTURA DO MANIFESTO E MESA INFORMATIVA NO CHUS.

CULTURA, EVENTOS E FESTAS

CUMPREANOS DO MES

O venres 29 de outubro, celebramos os cumpreanos do mes. Neste caso as persoas homenaxeadas foron Manuel Paderne, Lucylenny e Cristina. A festa consis-

tíu nun xogo onde viaxamos por toda España a través de diferentes monumentos e lugares históricos, xa que un dos cumpreañeiros ten como afición viaxar.

Ao resto gustoulle tanto a proposta que só fixemos isto, ademais de soplar as velas amenizado ca música que mais lle gusta a cada un.



O SAMAÍN EN SARELA



O martes 31 de outubro, unímonos á celebración do Samaín. Fixemos cousas diferentes relacionadas ca temática desta festa. Algúns decoramos cabazas que ata presentamos a un concurso no Facebook e mentres o resto ambientábase o centro con música terrorífica e poñéndonos atuendos monstruosos (maquillaxe e complementos). Ademais, fixemos unha especie de trivial sobre o Samaín, a súa orixe, costumes...

E xa pola tarde, para rematar a xornada, estivemos vendo unha película sobre meigas.

MAGOSTO 2018

Xa que chegamos ao outono e preto do día propio de celebrar o magosto en toda Galicia (San Martiño, 11 de novembro) o venres 10, dedicamos a xornada a esta celebración. Durante todo o día, estivemos facendo actividades co produto estrela desta época, a castaña.

A primeira hora, e despois de facer orientación coma tódolos días, informámonos un pouco da historia desta festa: orixe, refráns, costumes... unha vez tomado o descanso fixemos unha "gymkana" onde tiñamos

que resolver adiviñas e atopar as castañas escondidas polo centro e así gañar puntos.

Despois comemos, descansamos, e xa pola tarde divídimonos en 2 equipos e fixemos un 3 en raia xigante, onde as fichas eran castañas, unhas peladas e outras sen pelar.

O día estivo moi ben xa que foi difente e fixemos actividades divertidas.

FACEMOS AS PRIMEIRAS COMPRAS DO AMIGO INVISIBLE

Como xa levamos feito tempo atrás, este ano voltamos cunha tradición moi típica das datas que se achegan, o amigo invisible. Despois de facer o sorteo onde cada un de nós colleu un papel co nome dun compañeiro/ a, fixemos unha lista con algunha cousiña que nos gusaría recibir de obsequio a cada un.

O primeiro grupo saímos o venres 17 de novembro e practicamente xa temos os nosos regalos mercados. Non sabemos se a vós tamén vos pasa pero cando chega o Nadal gústamos moito tanto que nos regalen coma regalar.



DEPORTE

VOLTAMOS Á CASA DAS ASOCIACIÓNS DE CORNES

Por fin voltamos a Cornes!!! Tras meses de espera, retomamos a actividade de deporte adaptado con outras entidades. Nesta ocasión xuntámonos co CEE López Navalón e ademais acompañáronnos un grupo de rapaces

do Colexio dos Salesianos de Vigo, que como cada ano viñeron pasar a mañá con nós e os que non estiveron en Cornes visitaron o centro de Sarela. En Cornes xogamos á boccia para o

que foi preciso que un de nós lles explicara, ca axuda do MeFacilyta, as normas do xogo.

A mañá foi moi divertida, sobre todo por recibir visitas e que participen con nós nas actividades.

ENTREVISTA 10

Neste noveno número do Boletín do SADT, entrevistamos a Noelia Ouro, psicóloga/ neuropsicóloga e Ruth González, logopeda, como profesionais responsables da actividade da Redacción, onde elaboramos esta publicación.

¿Como xurdiu a idea da elaboración do Boletín Día a Día?

Anteriormente faciamos un blog na actividade de informática. Démonos conta de que deste xeito non chegábase a tantas persoas como queriamos, e sobre todo ás vosas familias. Tras darlle un pouco á cabeza ocorréusenos esta idea, a de facer un boletín mensual onde plasmaríades, coa nosa axuda, todo o que faces aquí, así como outras cousas que propuxestes engadir (o tempo, pasatempos, etc.). Para iso creamos a actividade de A redacción.

Cómo decidistes qué seccións poñer?

Se facedes un pouco de memoria, recordaredes que os primeiros días da actividade dedicámoslos a decidir iso. Vendo as seccións típicas de revistas, xornais, etc., entre todos decidimos cales ían ser as seccións. De feito, eses días tamén escollestes o nome da publicación, entre diferentes propostas.

Dende cando se fai a actividade?

Comezamos co novo ano, en Xaneiro do 2017. Esta xa é o número 9 do boletín.

E, cal é o obxectivo da actividade?

Un dos principais é dar a coñecer ás vosas familias e a todo aquel que o lea (mándase por mail e tamén está na páxina web) as actividades e cousas que facedes no SADT, ademais de aspectos máis terapéuticos.

Dende a vosa especialidade, qué aspectos traballades con esta actividade?

Pois dende o aspecto psicolóxico/ neuropsicolóxico traballamos a memoria cando tedes que recordar todo aquilo que se fai ao longo do mes; o razoamento cando opinades sobre distintos temas; as habilidades sociais cando escoitades o que outros compañeiros aportan con respecto e sen falar uns por riba de outros, por



poñer uns exemplos. Dende a logopedia, diversos aspectos comunicativos: falar de forma que se vos entenda, fomentar o uso dos diferentes sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación, etc.

¿Parcévos beneficiosa esta actividade para as persoas usuarias?

Nós pensamos que si, que é moi produtiva. Coma tódalas actividades que facemos, a través dela buscamos un beneficio para vós nos distintos aspectos que acabamos de comentar.

Xa que as familias son as principais receptoras do boletín, deron algunha opinión sobre o traballo que facemos?

Pois a verdade é que ata o momento non demasiadas. Si que parece que están máis enteradas das actividades que aquí levades a cabo, xa que nalgunha ocasión fixéronnos preguntas ou comentarios de cousas que se publicaron no boletín.

Estades contentas coa nosa participación e interese na actividade?

Pois a verdade é que si pero gustaríanos

que a vosa participación fose maior. É dicir, algún de vós facedes moitas cousas e outros que tamén poderían non as fan tanto. De todas formas, tirando un pouco de vós, conseguimos sacar a diante mes a mes este boletín.

Na elaboración do boletín só estades implicadas vos ou algún outro profesional participa nel?

En xeral todo o equipo está implicado. Por exemplo, fannos chegar fotos doutras actividades (saídas, deporte adaptado, etc.) e son receptivos a facer entrevistas como esta cando vós llo propoñedes. Ademais, temos a axuda de Xulio, o xornalista, para “poñer bonito” e compartir esta publicación.

Tedes pensado continuar coa actividade?

Cremos que si. A pesar do traballo que dá e xa que as vosas valoracións son boas a previsión é continuar. Non sabemos ata cando, pero de momento aquí seguiremos dándolle voltas á cabeza.

O TEMPO

Xa as portas do Nadal, o tempo segue sendo impropio da estación do ano na que nos atopamos. Aínda que as temperaturas son mais ben frescas pola mañá, as primeiras xiadas apareceron, pero nas horas centrais do día o sol quenta un pouquiño. A pesares de

que pode parecer que na altura do ano que estamos que non chova é algo bo, está sendo todo o contrario, España enteira está sufrindo unha seca extrema o cal fai que nin auga para beber teñamos. Só nos queda mirar ao ceo agardando que veña a auga.

PASATEMPOS

Unir a definición coa profesión á que corresponde. Son todos perfís profesionais que podedes atopar no SADT.

LOGOPEDIA

Profesión de acción social que se ocupa de fomentar o benestar das persoas, a prevención e atención de dificultades e/ou carencias sociais das persoas, familias, grupos e do entorno no que viven.

Disciplina que evalúa a capacidade da persona para desempeñar as actividades da vida cotidiana e intervén cando dita capacidade corre un risco, ou está danada por calquera causa. O fin é conseguir a máxima funcionalidade da persoa con algún tipo de limitacións.

FISIOTERAPIA

Especialidade que se encarga da exploración, valoración, diagnóstico e intervención das dificultades na fala, linguaxe, audición e deglución.

Especialidade que se encarga da exploración, valoración, diagnóstico e intervención das dificultades na fala, linguaxe, audición e deglución.

TERAPIA
OCUPACIONAL

Especialidade que se encarga da exploración, valoración, diagnóstico e intervención das dificultades na fala, linguaxe, audición e deglución.

AUXILIAR

Especialidade que estudia o comportamento humano, polo que traballa o tratamento dos problemas conductuais e emocionais.

PSICOLOXÍA

Especialidade que estudia as relacións entre cerebro e conducta, con o obxectivo de avaliar, diagnosticar e tratar y/o rehabilitar a persoas con problemas cognitivos, conductuais ou emocionais provocados por un dano neurolóxico.

TRABALLO SOCIAL

Profesión sanitaria que se encarga de proporcionar cuidados auxiliares ao paciente e actúa sobre as condicións sanitarias do seu entorno.

EDUCACIÓN SOCIAL

Disciplina que promove a incorporación da persoa á diversidade das redes sociais para o desenvolvemento da sociabilidade e a circulación social, e a promoción cultural e social da mesma a través da adquisición de bens culturais, que lle permitan ampliar as súas perspectivas educativas, laborais, de ocio, e de participación social.

NEUROPSICOLOXÍA

NO PRÓXIMO NÚMERO... teremos as nosas seccións habituais pero tamén explicaremos que é o "amigo invisible" e entrevistaremos a Rosa e Laura, alumnas en prácticas do máster de Psicoloxía clínica.